

CAMPIONATO GALEGO DE MORFOLOXÍA

BASES:

ARTIGO I

A Sociedade Canina Galega crea o Campionato Galego de Morfoloxía en apoio ás Exposicións e Concursos morfolóxicos que teñen lugar en Galicia.

ARTIGO II

En caso de varios propietarios, todos eles deben ser socios da SCG. Para optar o Campionato Galego é condición indispensable que os cans participen en tódalas Exposicións caninas, tanto Nacionais coma Internacionais organizadas pola SCG e, coma mínimo, na metade mais un dos Concursos Morfolóxicos (nacionais ou locais) que se celebran en Galicia. Non contarán os resultados obtidos noutros eventos.

ARTIGO III

Será proclamado **CAMPIÓN GALEGO** o exemplar que obteña mais puntos resultantes das puntuacións obtidas en tódalas Exposicións e Concursos que participe.

TABOLEIRO DE PUNTOS

	EXPOSICIÓN INTERACIONAL	EXPOSICIÓN NACIONAL	CONCURSO SENLEIRO*	CONCURSO NACIONAL/LOCAL
BEST IN SHOW	125	100	85	75
Reserva de BIS	110	85	75	65
3º BIS	100	75	70	60
M. de Grupo	80	60		45
2º de Grupo	70		45	35
3º de Grupo	60	50	40	30
Mellor de Raza	50	40	30	25
M. sexo oposto			25	20
CACIB	45			
RCACIB	40			
Rappel CAC		35		
CAC	35	30		
RCAC	30	25		
EC 1º	25	25	20	15

Concursos senlleiros ao 2025:

- Concurso nacional A Toxa
- Concurso nacional Silleda

ARTIGO IV

En cada exposición ou Concurso considerarase a puntuación correspondente á máxima calificación obtida según conste na cartulina de calificación dos xuíces e dacordo co taboleiro anterior.

ARTIGO V

Os puntos obtidos polos exemplares en clase xoven , soamente serán válidos si pasan a outra clase adulta(Intermedia, Traballo, Aberta, Campión) dentro do mesmo ano que opten ó Campionato,

O Campionato comezará a puntuar co primeiro Concurso/Exposición que se celebre a partires do 1 de xaneiro e rematarase co último Concurso/Exposición que se celebre antes do 31 de decembro do mesmo ano.

ARTIGO VI

No caso de empate, será gañador o exemplar que baterá máis exemplares nas Exposicións ou Concursos,

No caso de persistir o empate, gañaría o exemplar que obtivera os puntos no número menor de eventos.

ARTIGO VII

Premios:

Primeiro clasificado:

Pack Gala de Criadores: Billete de tren de Galicia a Madrid ida e volta, noite de hotel e unha cena na Gala de Criadores, 4 sacos de pienso ARION de 15Kg e o diploma co Título de 1º CAMPIÓN GALEGO DE MORFOLOXÍA

Segundo clasificado:

Trofeo, 3 sacos de pienso ARION de 15Kg e o diploma co Título de 2º CAMPIÓN GALEGO DE MORFOLOXÍA

Terceiro clasificado:

Trofeo, 2 sacos de pienso ARION de 15Kg e o diploma co Título de 3º CAMPIÓN GALEGO DE MORFOLOXÍA

Do cuarto ó décimo clasificado:

1 saco de pienso ARION de 15Kg e o diploma de CAMPIÓN GALEGO DE MORFOLOXÍA.

ARTIGO VIII

As normas de participación neste Campionato e polo tanto, nas Exposicións e Concursos puntuables, rexeranse polo Regulamento de Concursos e Exposicións da RSCE.

ARTIGO IX

Non poderán participar os exemplares en propiedade ou copropiedade de persoas que actuaran coma xuíces nas Exposicións ou Concursos.

ARTIGO X

Polo feito de participar no "CAMPIONATO GALEGO" tódolos concursantes someteranse ás resolucións que adoite a SCG, a mesma encargarse das puntuacións do Campionato.

